

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CMUS PROFESIONAL DE OURENSE  
CURSO : 1º GRAO ELEMENTAL ELEM ATA 6º G. PROFESIONAL  
MATERIA: VIOLONCELLO  
DEPARTAMENTO: CORDA FRICCIÓNADA  
DATA: 7 / MAIO / 2020

Instruccións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

## **ÍNDICE**

- 1. Avaliación e cualificación.**
- 2. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre  
(recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso  
ampliación)**
- 3. Información e publicidade.**

1. Avaliación e cualificación	
Avaliación	<p><b>PROCEDEMENTOS:</b></p> <p>O profesor ten no seu caderno os datos das dúas primeiras avaliacións, e recollerá un resumo do traballo realizado en cada unha das sesións de clase efectuadas ( por medios telemáticos) durante este tempo.</p> <p>En dito caderno quedará reflectido o cumplimento, ou non dos obxectivos da 1º e 2º AVALIACIÓN.( Se non se cumplen, os obxectivos da 3ª recupéranse no curso seguinte.)</p> <p>Tamén se analizarán as gravacións ( audios e videos) enviados polos alumnos.</p>
Cualificación final	<p>Instrumentos:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Caderno do profesor que inclue todas as anotacións efectuadas ao longo do curso</li> <li>• Audicións</li> <li>• Gravacións</li> <li>• Videos</li> </ul> <p>A cualificación final está baseada nas cualificacións obtidas nas avaliacións anteriores, e o traballo realizado durante este Terceiro trimestre só terá carácter sumatorio.</p> <p>A nota final resulta do desglose dos seguintes aspectos:</p> <p><b>INTERPRETACIÓN 30%</b>  <b>TÉCNICA 30%</b>  <b>ACTITUD E INTERESE NAS CLASES 20%</b>  <b>AUTONOMÍA NO ESTUDIO INDIVIDUAL 20%</b></p> <p>Elaborarase un <b>INFORME</b> a final de curso , para <b>TODOS OS ALUMNOS</b>, con independencia da súa cualificación.</p>
Proba extraordinaria de setembro	<p>Os alumnos que ao final de curso non consigan acadar unha cualificación positiva, terán dereito a presentarse ás probas extraordinarias de setembro.</p> <p>En estos casos o prof titor entregará ao alumno un informe de avaliación negativo. No informe, ademáis de expoñer os obxectivos non acadados, indicará o traballo que deberá vir resolto, e detallando os estudos e obras requeridos.</p> <p>( baseado na metodoloxía e bibliografía orientativa )</p>

<b>Alumnado de materia pendente</b>	<p><b>Criterios de avaliación:</b>            Os alumnos deberán interpretar correctamente o repertorio traballado nas avaliacións 1º e 2º ( presenciais), de acordo cos aspectos técnicos e musicais que figuran na programación.</p> <p><b>Criterios de cualificación:</b>            A cualificación efectuarase seguindo os mesmo criterios expostos con anterioridade</p> <p><b>Procedementos e instrumentos de avaliação:</b>            Valoración da interpretación, según os aspectos recollidos nos criterios de cualificación.</p>

## 2. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

<b>Actividades</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Haberá sesións de clases telemática ( cuando o Profesor e más o alumno dispoñan de medios), e envío de gravacións por parte dos alumnos, que serán revisados polo profesor , e comentados ao alumno</li> <li>• Titorías virtuais todas as semanas (por videochamadas)</li> <li>• Dudas por whatsapp ou medios similares</li> <li>• Vídeos titoriais , etc.</li> <li>• Anotacións e explicacións a través das propias partituras</li> </ul>
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade , e sen conectividade)</b>	<p>Os profesores de esta especialidade puxeronse en contacto cos alumnos mediante Whatsapp, Cisco, Google meet , envío de partituras con todas as anotacións e correccións, videoclases por Skype, e reenvío por correo de partituras novas, envío de acompañamiento de piano de diversas partituras , e vídeos de youtube</p> <p>Hai comunicación contínua con todos os alumnos.</p> <p>Os alumnos remiten gravacións de videos, e audios.</p>
<b>Materiais e recursos</b>	<p>Facer vídeo clases por Skype ou similar. Envio de audios feitos polo profesor para que o alumno os imite. Envío de partituras por correo electrónico. Envío de enlaces de vídeos de Youtube, etc, ....todo o que permita a conectividade do alumno</p>

